Grupo de Traballo de Saúde Pública e Inmunoprevibles

Amosa Serto, M., Carrera García, Á., Toucedo Bárcena, AF., González Sáenz de la Fuente, C. *Data elaboración: xuño 2025*

AGEFEC Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria

INFECCIÓN GONOCÓCICA

¿EN QUE CONSISTE?

É unha infección de transmisión sexual (ITS) producida por unha bacteria chamada ***Neisseria Gonorrhoeae*** **(ou gonococo).**

♂ Secreción amarela-verdosa, dor ao ouriñar, dor testicular

10% casos → asintomático

♀ Alteracións menstruais e do fluxo, dor abdominal, dor ao ouriñar.

50% casos → asintomático

Pode causar complicacións graves como infertilidade e enfermidade inflamatoria pélvica.

42 % Aumento do gonococo en España

34.401 casos declarados en España

IMPORTANTE

As medidas máis eficaces na prevención de ITS son as **prácticas sexuais seguras:**

- **Uso consistente de preservativos** en tódalas actividades sexuais (vaxinal, anal e oral).
- **Inmunización: VPH, MPOX, hepatite A e B** se está recomendado.
- **Revisións periódicas de saúde** para detectar posibles ITS a tempo.
- **Profilaxe pre e postexposición ao VIH**.
- **Comunicación aberta coas parellas sexuais.**

INMUNIZACIÓN

A **vacina** empregada non é específica do gonococo, senon a **vacina 4CmenB** que xa se utiliza na prevención da enfermidade meningocócica.

O **obxectivo** da inmunización é **reducir o número de infeccións e a transmisión comunitaria** debido á inmunidade cruzada e á eficacia moderada da vacina.

As persoas de risco candidatas a vacinarse deben ter entre 19 e 65 anos e atoparse nalgunha das seguintes situacións:

- Diagnóstico recente (nos 12 meses previos) de Neisseria gonorrhoeae, Chlamydia trachomatis, Treponema pallidum, Mpox virus ou VIH.
- Antecedentes de dúas ou máis ITS, excluída a infección por VPH, nos últimos 5 anos.
- Sospeita clínica de gonococia.
- Prácticas sexuais sen protección con parellas non habituais.
- Uso de drogas relacionado co mantemento de relacións sexuais (chemsex).
- Traballadores e traballadoras sexuais.
- Outras situacións que implican prácticas de risco: persoas que recibiron profilaxe fronte ao VIH, ou fronte a outra ITS, pre ou postexposición máis dunha vez no último ano.

Nin a vacina nin a infección previa garanten a eliminación do risco de infectarse ou reinfectarse de gonorrea.

Contacta co/a enfermeiro/a de familia no teu centro de saúde para máis información.